



MEMORIA ORZAMENTO 2022

Segundo o artigo 168 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, ao orzamento da entidade unirase, entre outros documentos, unha memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións que presenta en relación co orzamento vixente.

É dicir, a Memoria componse de dúas partes: unha referente ao exame do orzamento no seu conxunto e outra, para sinalar as variacións que o mesmo presenta con respecto ao anterior.

O ORZAMENTO EN XERAL

O Orzamento Xeral da Deputación Provincial de Ourense para 2022, integrado polo orzamento da propia Deputación, o orzamento do seu organismo autónomo INORDE e máis os orzamentos dos consorcios provinciais adscritos ao Ente provincial, enmárcase nunha situación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

As remuneracións do persoal axústanse na súa estrutura ao previsto no R.D.861/1986 e non sufren ningún incremento, á espera da aprobación dos Orzamento Xerais do Estado.

Os niveis do complemento de destino e as contías do complemento específico veñen determinados pola Relación de Postos de Traballo (RPT).



Amortízanse os postos que quedan vacantes por xubilación a 31.12.2021, en previsión á baixada de ingresos do Estado na participación de tributos do 2020, que empezará a repercutir a finais deste exercicio:

Prazas de Funcionarios:

- 2 prazas de Administrativos de Admón. Xeral
- 2 prazas de Auxiliares de Admón. Xeral
- 2 prazas de Condutores de Maquinaria, Obras Públicas e Vehículos Especiais
- Chofer Especialista
- Mecánico

Prazas Laborais:

- Mestre de Danza, Pandeireta e Canto
- Legoeiro Especialista
- 3 prazas de Legoeiro
- 3 prazas de Peón Agrícola

Dótanse os postos que quedaran vacantes no ano 2022 so polo tempo que estarán ocupados, para proceder a amortizar os postos no momento que queden vacantes:

Funcionarios

- 1 Administrativo (Outubro 2022)
- 1 Administrativo (Abril 2022)
- 1 Administrativo (Agosto 2022)
- 1 Administrativo (Febreiro 2022)
- 1 Legoeiro (Xaneiro 2022)
- 1 Axudante de Obras e Servizos (Xaneiro 2022)
- 1 Axudante de Obras e Servizos (Novembro 2022)



- 1 Conductor de Maquinaria, Obras Públicas e Vehículos Especiais (Agosto 2022)
- 1 Auxiliar de Admón. Xeral (Setembro 2022)

Laborais:

- 1 Profesor de percusión (Agosto 2022)
- 1 Legoeiro (Xuño 2022)
- 1 Legoeiro (Abril 2022)
- 1 Legoeiro (Agosto 2022)
- 1 Chofer Especialista (Febreiro 2022)
- 1 Chofer Especialista (Novembro 2022)
- 1 Operario sen cualificar (Abril 2022)
- 1 Oficial de Explotacións Agropecuarias (Marzo 2022)
- 1 Conductor de Maquinaria, Obras Públicas e Vehículos Especiais (Setembro 2022)

Non se dota orzamentariamente a praza de técnico especialista de recursos humanos debido a que non se prevé cubrir durante o ano 2022.

No cadro de persoal laboral, incrementáanse 4 monitores deportivos, quedando en 8, ao incorporar no mesmo as 4 prazas existentes no persoal temporal indefinido.

Na relación de laborais temporais da area de vías e obras, dótanse 8 mensualidades e non o ano completo de 20 legoeiros, e na área de medio ambiente, 6 choferes operarios de lixo e 2 operarios de lixo.

Obras e servizos provinciais

Comprende os servizos de vías provinciais, parque de maquinaria e fornecementos, rede provincial de animais abandonados, parques xardíns e zonas verdes, augas e medio ambiente, a EDAR de San Cibrao da Viñas, a área de infraestruturas, cooperación provincial e municipal, limpeza viaria, e



xestión de servizos municipais de recollida de lixo , puntos limpos e plantas de transferencia. Destínase no orzamento 2022 a cantidade de 34.956.741,46 euros.

Educación, cultura e deporte

En educación inclúense gastos da UNED, das escolas de formación profesional, de actividades xuvenís, das escolas especiais, así como das escolas de artes e de gaitas e danzas e o taller de instrumentos. Se engadimos o apoio económico á Universidade de Vigo, o total ascende a 1.509.521,94 euros.

En cultura figuran os gastos da biblioteca, o museo galego do entroido, edicións e publicacións, a banda de gaitas, as agrupacións corais e musicais, o fomento de actividades culturais e recreativas, a Insua dos Poetas, o patrimonio histórico, o Teatro Principal, o Pazo de Vilamarín e o Centro Cultural e gabinete de galego. O importe total de gasto é de 4.939.698,65 euros.

En deportes, hai que computar os gastos asociados ao Pazo dos deportes Paco Paz e os de promoción e fomento do deporte, ascendendo en total á cantidade de 2.666.935,16 euros.

En consecuencia, para os fins deste apartado consígnase no orzamento a cantidade de 9.116.155,75 euros.

Cooperación a investimentos nos concellos

Destínanse a esta finalidade **9.860.885,89** euros.

Medio rural

As actuacións no medio rural lévanse a cabo nas explotacións de Monterrei , O Reino e Armariz, asumindo tamén o pagamento de tributos e aportación á comunidade de regantes no centro ecuestre e a explotación de Antela.

Nesta área de actuación, consígnase no orzamento a cantidade de 909.952,68 euros.



Acción social

Tendo en conta para este apartado as consignacións orzamentarias específicas máis o termalismo, fomento do emprego e a protección de riscos laborais, o total que se destina a acción social supón 6.757.267,46 euros.

Administración electrónica

Destínase para esta finalidade a cantidade de 1.550.252,09 euros.

Importe total do orzamento

O do ano 2022 elévase á cantidade de **85.700.000 euros**.

PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS DO ORZAMENTO 2022 CON RESPECTO AO ORZAMENTO DO EXERCICIO ANTERIOR 2021

Agora, imos considerar as variacións que experimentan os estados de gastos e ingresos do presente orzamento en relación cos do exercicio anterior.

Estado de gastos

O capítulo I gastos de persoal que ascende á cantidade de 33.602.495,94 euros fronte aos 33.937.824,57 euros do exercicio 2020, mantense practicamente nos mesmos parámetros que o ano anterior.

Representa este capítulo o 39,21 por cento do total do orzamento.

O capítulo II, no que se recollen os gastos correntes en bens e servizos, importa 20.820.013,93 euros, o que supón o 24,29 por cento do total do orzamento.

Nos capítulos III de gastos financeiros e IX pasivos financeiros, recóllense os gastos previsibles no exercicio de xuros, comisións bancarias (en aumento) e amortizacións do único préstamo vivo neste exercicio, cuxo xuro é do 0,01%.



Representan o total dos dous capítulos 1.002.197,13 euros, o que supón o 1,17 por cento do total do orzamento.

O capítulo IV de transferencias correntes ascende a 13.534.576,44 euros, representa o 15,79 por cento do orzamento.

Neste capítulo atópanse as transferencias correntes e subvencións, que pola súa natureza se entenden imprescindibles para o funcionamento doutros servizos, como é a transferencia do INORDE, do Consorcio Provincial de Ourense para a prestación do servizo contraincendios e de salvamento, Consorcio de Augas de Valdeorras, a UNED e a Universidade de Vigo, a acción social dos concellos, cooperación, etc.

Ademais inclúense subvencións de carácter non concurrente integramente polo mesmo importe, como son a limpeza viaria, o Plan de Emprego e o Plan de Mocidade, que beneficia a todos os concellos da provincia.

Mantéñense os concursos de subvencións para atencións benéficas e sociais, de acción social, para entidades deportivas, Escénicas e musicais, deportistas cualificados, eventos deportivos e Copas Deputación, pola ampla participación que se obtivo nestes anos.

Inclúense as participacións directas da Deputación nas fundacións culturais das que forma parte, como son a Fundación Otero Pedraio, Fundación Eduardo Blanco Amor, Fundación Carlos Casares, Fundación Vicente Risco, Fundación Curros Enríquez, Fundación Sotelo Blanco.

Séguese apostando polo teatro, coa subvención a Sarabela Teatro, no FITO e MITEU, debido a importancia destes espectáculos e pola Ínsua dos Poetas, como lugar de espallamento da cultura galega



O capítulo VI de investimentos reais ascende á cantidade de 10.628.562,64 euros, o que representa o 12,40 por cento do total do orzamento.

O Capítulo VII de transferencias de capital, ascende á cantidade de 5.512.153,92 euros, o que supón o 6,43 por cento do total do orzamento.

Neste capítulo inclúense as aportacións da Confederación Hidrográfica do Miño, para facer fronte ás aportacións das obras cofinanciadas por importe de 120.000,00 euros.

A cooperación municipal con concellos concentra un importe de 4.593.562,00 euros, cuxos beneficiarios se relacionan no anexo IV das Bases de Execución das do Orzamento.

O Capítulo VIII de activos financeiros, ascende á cantidade de 300.000,00 euros, o que representa o 0,35 por cento do orzamento de gastos, e non experimenta variación algunha co ano anterior.

Estado de ingresos.

No capítulo I, que comprende os impostos directos, recóllese a cesión do imposto sobre a renda das persoas físicas e a recarga provincial no imposto sobre actividades económicas, cunha previsión de 4.550.000,00 euros e que representa o 5,31 por cento do orzamento.

No capítulo II que comprende a cesión de impostos indirectos cun total de 4.290.000,00 que representa o 5,01 por cento do orzamento.

O capítulo III, que recolle as taxas, os prezos públicos e outros ingresos, importa 4.908.553,78 euros, o que representa o 5,73 por cento do estado de ingresos.



O capítulo IV comprende as transferencias correntes. Entre elas, figura o recurso máis importante da facenda provincial, o Fondo complementario de financiamento. O total do capítulo ascende á cantidade de 71.063.504,64 euros, é dicir, o 82,92 por cento do orzamento.

O capítulo V, referente aos ingresos patrimoniais, ascende á cantidade de 99.012,00 euros, que representa o 0,12 por cento do total do orzamento de ingresos.

O capítulo VI, de alleamento de investimentos reais, figura cunha previsión de 21.000,00 euros, que supón o 0,02 por cento do orzamento.

O capítulo VII, de transferencias de capital, cun importe para todo o capítulo de 467.929,58 euros, o que representa o 0,55 por cento do total do orzamento.

O capítulo VIII, de activos financeiros, ascende á cantidade de 300.000,00 euros, igual ao ano anterior, representando o 0,35 por cento do total do orzamento.

Exposto o contido do orzamento así como as súas principais modificacións, con respecto ao do exercicio último, sométese a exame e, no seu caso, aprobación da Corporación provincial.

Ourense, 8 de setembro de 2021

O PRESIDENTE

José Manuel Baltar Blanco